Extracto da Resolución do 19 de maio de 2020, da Presidencia da Axencia Estatal de Investigación pola que se aproba a convocatoria de tramitación anticipada para o ano 2020 para a concesión de axudas ás Plataformas Tecnolóxicas e de Innovación, dentro do Programa Estatal de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Orientada aos Retos da Sociedade, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación 2017-2020. (Boletín Oficial del Estado, Num: 148, 25-05-2020, Páx: 19271)

Destinatarios: Poderán ser beneficiarias das axudas, de acordo co establecido no artigo 5 da resolución de convocatoria, os organismos públicos de investigación, as universidades públicas, os Centros Tecnolóxicos de ámbito estatal e Centros de Apoio á Innovación Tecnolóxica de ámbito estatal, outros centros de I+D+i, públicos e privados sen ánimo de lucro, as empresas e as asociacións empresariais sectoriais.

Obxecto: O obxectivo da convocatoria é a creación e consolidación de Plataformas Tecnolóxicas e de Innovación que impulsen a mellora da capacidade tecnolóxica e a competitividade crecente do sector produtivo nacional realizando actividades de intercambio de coñecementos, de planificación e de difusión, que fomenten a colaboración en materia de I+D+i entre o sector público e o sector empresarial, e que favorezan a detección de novas demandas no ámbito dos Retos da Sociedade.

Convoca: Ministerio de Ciencia e Innovación

Prazo: Do 2 de xuño ata o 16 de xuño de 2020 ás 14:00 horas (hora peninsular española)

Extracto da Resolución do 13 de maio de 2020 da Presidencia da Axencia Estatal de Investigación pola que se aproba a convocatoria para o ano 2019 do procedemento de concesión de axudas correspondentes ás accións de dinamización «Europa Excelencia», do Programa Estatal de Xeración de Coñecemento e Fortalecemento Científico e Tecnolóxico do Sistema de I+D+i, Subprograma Estatal de Xeración de Coñecemento, no marco do Plan Estatal de I+D+i 2017-2020. (Boletín Oficial del Estado, Num: 150, 27-05-2020, Páx:

CONVOCATORIAS

19479)

Destinatarios: Organismos públicos de investigación, as universidades públicas e privadas, as entidades e institucións sanitarias públicas e privadas sen ánimo de lucro, os Institutos de investigación sanitaria acreditados, os Centros Tecnolóxicos e Centros de Apoio á Innovación Tecnolóxica de ámbito estatal, e outros centros de I+D+i, públicos e privados sen ánimo de lucro.

Obxecto: Potenciar a participación española nos subprogramas « Starting Grants» e « Consolidator Grants», enmarcados no Pilar 1 «Ciencia Excelente» do Programa Marco da Unión Europea Horizonte 2020. A convocatoria financia proxectos de investigación científico-técnica relacionados cos obxectivos das propostas remitidas e avaliadas positivamente e consideradas elegibles polo Consello Europeo de Investigación, pero que por razóns orzamentarias non puideron ser finalmente financiadas polo devandito organismo.

Convoca: Ministerio de Ciencia e Innovación

Prazo: 28 de maio ata o día 11 de xuño de 2020 ás 14:00 horas (hora peninsular española).

Extracto da Orde do 20 de maio de 2020, pola que se convoca para o ano 2020 a concesión de subvencións a entidades do Terceiro Sector ou Organizacións Non Governamentais que desenvolvan actividades de interese xeral consideradas de interese social en materia de investigación científica e técnica de carácter ambiental. (Boletín Oficial del Estado, Num: 150, 27-05-2020, Páx: 19474)

Destinatarios: Poderán ser beneficiarios das axudas as organizacións e entidades previstas no artigo 2 da Orde de bases reguladoras das devanditas axudas.

Obxecto: Convocar para o exercicio 2020, en réxime de concorrencia competitiva, a concesión de subvencións dirixidas ás entidades do Terceiro Sector ou Organizacións non Governamentais que desenvolvan actividades de interese xeral consideradas de interese social en materia de investigación científica e técnica de carácter ambiental.

Convoca: Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico

Prazo: 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte á data de publicación deste Extracto no BOE.

Extracto da Resolución do 6 de maio de 2020 da Presidencia da Axencia Estatal de Investigación pola que se aproba a convocatoria para o ano 2020 do procedemento de concesión de axudas correspondentes aos Proxectos de I+D+i "Programación Conxunta Internacional", contempladas no Programa Estatal de I+D+i Orientada aos Retos da Sociedade, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación 2017-2020 (Boletín Oficial del Estado, Num: 134, 13-05-2020, Páx: 18213)

Destinatarios: Organismos públicos de investigación, as universidades públicas e privadas, as entidades e institucións sanitarias públicas e privadas sen ánimo de lucro, os Institutos de investigación sanitaria acreditados, os Centros Tecnolóxicos e Centros de Apoio á Innovación Tecnolóxica de ámbito estatal, e outros centros de I+D+i, públicos e privados sen ánimo de lucro.

Obxecto: As axudas pretenden apoiar proxectos de investigación de dimensión europea ou

CONVOCATORIAS

internacional, financiando a participación de equipos de investigación españois en proxectos e programas de investigación multilaterais e colaborativos que concorresen con éxito a convocatorias europeas ou internacionais conxuntas nas que participa a Axencia Estatal de Investigación como organismo financiador, en áreas temáticas específicas e que demostren excelencia científica e un valor engadido da colaboración internacional á hora de enfrontarse aos retos da sociedade.

Convoca: Ministerio de Ciencia e Innovación

Prazo: Desde el día 21 de mayo hasta el día 9 de junio, a las 14:00 horas.

Extracto da Resolución do 21 de maio de 2020, da Presidencia da Axencia Estatal de Investigación, pola que se aproba a convocatoria para o ano 2020 do procedemento de concesión de axudas correspondentes ás accións de dinamización «Europa Investigación», contempladas no Programa Estatal de I+D+i Orientada aos Retos da Sociedade, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación 2017-2020. (Boletín Oficial del Estado, Num: 152, 29-05-2020, Páx: 19700)

Destinatarios: Poderán ser entidades beneficiarias das axudas obxecto desta convocatoria, de acordo co establecido no artigo 5 da resolución de convocatoria, os organismos públicos de investigación, as universidades públicas e privadas, as entidades e institucións sanitarias públicas e privadas sen ánimo de lucro, os Institutos de investigación sanitaria acreditados, os Centros Tecnolóxicos e Centros de Apoio á Innovación Tecnolóxica de ámbito estatal, e outros centros de I+D+i, públicos e privados sen ánimo de lucro.

Obxecto: O obxecto das axudas é promover e mellorar a participación española en iniciativas europeas en ciencia e tecnoloxía, incrementando o número de coordinadores españois participantes en proxectos das convocatorias do Programa Marco de Investigación e Innovación da Unión Europea para o período 2021-2027 (Horizonte Europa), recollidas no anexo IV da resolución de convocatoria.

Convoca: Ministerio de Ciencia e Innovación

Prazo: Desde o 3 de xuño ata o día 17 de xuño de 2020 ás 14:00 horas (hora peninsular española).

Resolución do 20 de maio de 2020, da Subsecretaría, pola que se acorda a tramitación dos procedementos de convocatoria para a concesión de subvencións en 2020 a entidades do terceiro sector ou organizacións non gobernamentais, que desenvolvan actividades de interese xeral consideradas de interese social en materia de investigación científica e técnica de carácter ambiental, e para a concesión de subvencións en 2020 a sindicatos de traballadores do sector ambiental para o desenvolvemento das súas actividades de colaboración e representación ante a Administración Xeral do Estado, a Unión Europea e Institucións Internacionais, e para a realización de proxectos de especial interese para o desenvolvemento e mellora dos traballadores do citado sector. (Boletín Oficial del Estado, Num: 144, 22-05-2020, Páx: 33942)

CONVOCATORIAS

Destinatarios: Consultar a resolución.

Obxecto: Tramitar os procedementos de convocatoria de concesión das subvencións en 2020 correspondentes ás ordes AAA/1433/2016, do 5 de setembro (BOE núm. 216, do 7, modificada pola Orde APM/566/2018, do 21 de maio (BOE núm. 132, do 31 de maio de 2018) e Orde AAA/1579/2012, do 2 de xullo (BOE do 17), modificada á súa vez pola Orde AAA/1239/2015, do 23 de xuño (BOE do 25).

Convoca: Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico

Prazo: Consultar a resolución.

Unión europea

Abertas as Convocatorias PRIMA 2020

Destinatarios: Os documentos están dispoñibles na web de PRIMA, no apartado de convocatorias.

Obxecto: Abertas as convocatorias PRIMA para o Plan de Traballo Anual 2020 (AWP 2020) Trátase de 5 convocatorias; catro da sección 1 e unha multitopic da sección 2, que inclúen un total de 7 topics ou liñas de investigación como: Conservación e valorización dos recursos zoonéticos locais (RIA), Implementación dunha xestión sostible e integrada dos recursos hídricos no Mediterráneo, en condicións de cambio climático,

Convoca: Comisión Europea.

Prazo: Pola situación excepcional por COVID-19, PRIMA amplía novamente o prazo de presentación de propostas ás convocatorias do Plan de Traballo Anual 2020 (AWP2020). As novas datas de peche da fase 1 son; 6 de maio para a Sección 1 e 13 de maio para a Sección 2.

Programa LIFE - Nova convocatoria de solicitudes

Destinatarios: Calquera entidade rexistrada na UE pode facer unha proposta de proxectos de asistencia técnica, integrada, preparatoria e técnica de LIFE en virtude dos subprogramas de acción ambiental e climática.

Poderías ser un:

- organismo público que opera baixo a autoridade dun goberno nacional, por exemplo, autoridade local, administración nacional, etc.
- organización comercial privada
- organización privada non comercial (ONG, etc.)

Obxecto: O programa LIFE é o instrumento de financiamento da UE para o medio ambiente e a acción climática.

Convoca: Comisión Europea

Prazo: Aberto ata mediados de xullo.

European City Facility

Destinatarios: A convocatoria EUCF está dirixida a todas as entidades locais e agrupacións de entidades locais dos 27 Estados membros da Unión Europea e do Reino Unido, que dispoñan de:

- O código NUTS III (Nomenclatura de unidade Territorial) or LAU (Unidade Administrativa Local).
- Un plan de acción de Enerxía sostible aprobado politicamente (PAES, PACES, ou plans de

CONVOCATORIAS

similar alcance e ambición).

- Unha carta de apoio do seu alcalde ou outro representante político electo.

Obxecto: A European City Facility é unha iniciativa creada no marco do programa de investigación e innovación da Unión Europea, Horizonte 2020: un instrumento de asesoramento, formación e apoio financeiro a medida, áxil e simplificado que se concederá a ao redor de 200 entidades locais., para facilitarlles o desenvolvemento do que se denominaron 'conceptos de investimento', como primeiro paso cara ao desenvolvemento de plans sólidos de investimento en enerxía sostible.

Trátase dunha iniciativa cuxo obxectivo final é facilitar a posterior mobilización de investimentos locais en actuacións de eficiencia enerxética e enerxías renovables.

Convoca: European City Facility

Prazo: Do 25/5/2020 ata o 2/10/2020

PREMIOS

Estatat

Xuntas polo Clima

Destinatarios: Poderán participar todas aquelas mulleres, maiores de 18 anos, que posúan unha iniciativa que coide, respecte e/ou protexa a contorna máis próxima. Cada participante poderá presentar o número de proxectos ambientais que desexa, como persoa física ou xurídica, tanto de forma individual como en grupo.

Obxecto: Premiar as ideas e iniciativas ambientais, ecolóxicas e sustentables, impulsadas por todo tipo de emprendedoras españolas.

Convoca: Lateuaterra

Prazo: Ampliado ata o 8 de xuño

Unión europea

Premios para startups-Water Scarcity in Southern Europe

Destinatarios: Consultar ligazón

Obxecto: Unha convocatoria para premiar a 30 startups que aporten solucións en relación coa escasez de auga no sur de Europa. Os premios, ademais da dotación económica, inclúen formación e mentoring.

Convoca: EIT Food

Prazo: Ata o próximo 7 de xuño de 2020.

Premio Europeo de Accións Transformadoras 2020

Destinatarios: O concurso está aberto a calquera autoridade local ou rexional, ou organización da sociedade civil situada nun Estado membro da UE, país do EEE ou candidato da UE ou país de adhesión que apoia a Declaración Vasca

Obxecto: Búscanse accións transformadoras cun alto nivel de innovación, por exemplo en termos de innovación social e economía cívica, que inspiren a outros a replicar a acción noutras partes de Europa. As accións son preferiblemente parte dunha estratexia ou visión local en lugar de ser independentes.

CONVOCATORIAS

Convoca: ICLEI - Gobiernos locais para a sustentabilidade, o País Vasco e a cidade de Aalborg (Dinamarca)

Prazo: Ata o 31 de xullo de 2020


REDISCOVER Nature for this year's EEA photo competition

Destinatarios: Maiores de 18 anos

Obxecto: Capturar e compartir o teu vínculo coa natureza e o medio ambiente que che rodea. REDISCOVER Nature é un chamada para que todos miremos ao seu ao redor e deixémonos sorprender pola natureza e as súas marabillas. Xa sexa redescubriendo a contorna que nos rodea mentres camiña por un carreiro local ou no seu xardín traseiro, teña curiosidade e tome tempo para observar partes da natureza que non notou antes.

Convoca: European Environment Agency

Prazo: Ata 30 de setembro de 2020



ACTIVIDADES

CAMPAÑAS

Galicia

Certame fotográfico #Eusonpilabot

Contido: A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda acaba de reactivar o concurso individual de fotografía #eusonpilabot, unha iniciativa que busca concienciar á comunidade escolar sobre a recollida selectiva deste tipo de residuos apelando, neste caso, á creatividade do alumnado participante. O prazo para a presentación das instantáneas rematou o 10 de marzo pero o parón da actividade escolar derivado da declaración do estado de alarma obrigou a suspender temporalmente a campaña Pilabot, na que se enmarca este concurso e que conta coa participación de 150 centros de primaria e de secundaria de toda Galicia.

Do 8 ao 15 de xuño reactivarase a fase de votación pública a través da web pilabot, aínda que tamén se conservarán integramente os votos recabados por cada participante no mes de marzo; e o 16 de xuño comunicarase polas mesmas vías cales foron as tres fotografías que recibiron máis apoios.

Organizador: Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

Data de inicio: 08-06-2020

Data de fin: 15-06-2020

REDE GALEGA PxR : Mellor reparar que tirar

Contido: Espazo transversal de intercambio de coñecementos e experiencias en materia de prevención e preparación para a reutilización de residuos, co obxectivo de impulsar proxectos de cooperación na nosa comunidade e contribuír á transición cara a o modelo de economía circular en Galicia.

Trátase dunha web a través da cal, todas aquelas entidades que queiran poñer en marcha un proxecto de preparación para a reutilización, reparación e/ou intercambio de obxectos, poidan empregar esta plataforma para a súa divulgación, búsqueda de colaboradores e sinerxías con calquera outro tipo de entidades privadas, públicas, de carácter social ou educativo.

Para formar parte da REDE GALEGA PxR solamente hai que inscribir a entidade e/ou o proxecto a través do formulario habilitado no apartado EN REDE da mesma web.

Lugar: Online

Organizador: Dirección xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Inscripción: www.mellorrepararquetirar.gal/contacta

Estatat

Horizonte 2020 Enerxía - Taller de coordinadores

Contido: Taller dirixido a COORDINADORES que estean a preparar unha proposta para as convocatorias de Horizonte 2020 Enerxía que pechan en setembro 2020.

Lugar: Online

Organizador: CDTI

Inscripción: Cubrir formulario

ACTIVIDADES

Data de inicio: 23-06-2020

Data de fin: 23-06-2020

Unión europea

European Mobility Week - Semana Europea da Mobilidade.

Contido: A campaña anual, que se leva a cabo do 16 ao 22 de setembro de cada ano, está organizada pola Dirección Xeral de Mobilidade e Transporte da Comisión Europea e busca mellorar a calidade de vida a través da promoción da mobilidade limpa e o transporte urbano sustentable. A campaña deste ano destaca a 'mobilidade de cero emisións para todos'.

Organizador: Comisión Europea.

Data de inicio: 16-09-2020

Data de fin: 22-09-2020

CONGRESOS

Estatat

18º Congreso Nacional da Recuperación e do Reciclado

Contido: Con motivo da pandemia do COVID-19, a xunta directiva da Federación Española da Recuperación e a Reciclaxe (FER) decidiu aprazar a celebración do 18º Congreso Nacional da Recuperación e a Reciclaxe, que se celebrará do 30 de setembro ao 1 de outubro.

Lugar: Madrid.

Organizador: FER

Inscripción: Consultar ligazón

Data de inicio: 30-09-2020

Data de fin: 01-10-2020

XXI Congreso de Europarc-España, ESPARC 2020

Contido: -Novos retos e escenarios para a conservación da biodiversidade en relación ao abandono rural.

-Conectividade ecolóxica e infraestrutura verde: papel dos espazos naturais protexidos no territorio.

-Medidas de adaptación e mitigación ao cambio climático promovidas desde as áreas protexidas.

-Ferramentas para a xestión de visitantes dos espazos naturais.

-Alianzas para implicar á poboación local nos beneficios das áreas protexidas.

Lugar: Sierra de las Nieves

Organizador: Europarc-España, Junta de Andalucía

Inscripción: Ata o 31 de xullo.

Data de inicio: 30-09-2020

Data de fin: 04-10-2020

ACTIVIDADES

CURSOS

Galicia

Curso online Interpretación do Patrimonio con Medios Expositivos

Contido: Coñecer a metodoloxía da interpretación do patrimonio como estratexia de comunicación do patrimonio (natural e cultural) e como ferramenta para o deseño de medios expositivos.

Lugar: Online

Organizador: CEIDA

Data de inicio: 15-06-2020

Data de fin: 15-06-2020

Introdución á norma UNE-EN ISO 14001:2015

Contido: Introdución á norma UNE-EN ISO 14001:2015 Sistemas de xestión ambiental. Requisitos con orientación para o seu uso. (ISO 14001:2015). Identificación e actualización de normativa estatal e europea.

Lugar: Online

Organizador: APROEMA

Data de inicio: 30-06-2020

Data de fin: 30-06-2020

Identificación e codificación de residuos

Contido: Identificación e codificación de residuos

Lugar: Online

Organizador: APROEMA

Data de inicio: 10-06-2020

Data de fin: 10-06-2020

Augas residuais

Contido: Ideas avanzadas sobre Economía Circular. Augas Residuais

Lugar: Online

Organizador: APROEMA

Data de inicio: 25-06-2020

Data de fin: 25-06-2020

Economía Circular, Análise do Ciclo de Vida e ISO 14001, ¿sabes cómo levalo á práctica na túa organización?"

Contido: Webinar gratuíto que mostrará como se integran a ISO 14001 e Análise de Ciclo de Vida co concepto de Economía Circular, desenvolvendo os seguintes contidos:

ACTIVIDADES

1. Fixando conceptos: Que é un aspecto e un impacto ambiental?
 2. Como integrar a perspectiva de Ciclo de Vida na nosa identificación e avaliación de Impactos Ambientais?
 3. Ferramentas de Circularidade: Análise de Ciclo de Vida e Ecodiseño de produtos e servizos- EcoEtiquetas, Subministracións sustentables: Eficiencia enerxética e Pegada Hídrica, Declaracións Ambientais de Produto
 4. Economía Circular no escenario dos ODS.
- Finalmente, procederase a dar resposta a todas aquelas cuestións que poidan exporse durante o transcurso do seminario web e que poderán enviarse ao propio relator a través da aplicación, xa sexa desde ti PC, portátil, tablet ou dispositivo móbil.

Lugar: Online

Organizador: Ambical

Inscripción: Cubrir formulario

Data de inicio: 05-06-2020

Data de fin: 05-06-2020

Estatat

Paseos para descubrir a contorna: Diseño de itinerarios interpretativos

Contido: Contidos:

- Introducción á Interpretación do Patrimonio.
- A comunicación en interpretación.
- Itinerarios interpretativos. Características xerais e modalidades.
- Itinerarios autoguiados. Tipoloxía e medios complementarios.
- O proceso de comunicación na excursión autoguiada.
- Itinerarios guiados. Condución e comunicación.
- Partes estratéxicas dun itinerario autoguiado.
- Planificación e deseño dun itinerario temático autoguiado.

Lugar: CENEAM, Valsáin (Segovia)

Organizador: Organismo Autónomo Parques Nacionales - Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico - CENEAM

Inscripción: Ata o 15 de xuño de 2020

Data de inicio: 06-07-2020

Data de fin: 09-07-2020

Novos formatos para a educación e comunicación ambiental en espazos naturais a través das artes

Contido: Obxectivos:

- Introducir novas metodoloxías e técnicas na creación de programas de Educación e Comunicación Ambiental en espazos naturais.
- Potenciar a creatividade nos programas de conservación e divulgación da biodiversidade.
- Dar entrada ás Artes na transmisión dos valores naturais a través da escultura, danza, poesía, literatura, música, cinema, pintura e muralismo.
- Facilitar técnicas de creación que permitan aos destinatarios a xeración de Instalacións Artísticas como espazos expositivos do Patrimonio Integral dos Espazos Naturais.

ACTIVIDADES

- Implementar modelos de avaliación activos en formatos presenciais e non presenciais mediante novas tecnoloxías.

Lugar: CENEAM, Valsaín (Segovia).

Organizador: Organismo Autónomo Parques Nacionales - Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico - CENEAM

Inscripción: Ata o 14 de xuño de 2020

Data de inicio: 07-07-2020

Data de fin: 09-07-2020

Unión europea

Formación online sobre compostaxe e xestión sostible de residuos no marco do proxecto Res2ValHum

Contido: Contidos online sobre compostaxe e xestión sostible de residuos urbanos producidos por Sogama no marco do proxecto europeo de cooperación transfronteiriza Res2ValHum.

Enmarcado no programa INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020, o proxecto Res2ValHum está liderado pola Universidade do Minho e conta coa participación de distintos socios portugueses (CVR, BRAVAL e LIPOR, ademais doutros galegos (SOGAMA, CVAN e a USC).

Lugar: Online

Organizador: Universidade de Minho, SOGAMA,...

FEIRAS

Internacional

TECMA 2020. Feira Internacional do Urbanismo e do Medio Ambiente

Contido: Esta feira está dirixida a colectivos profesionais que desexen obter unha visión detallada do mercado en elementos como contedores de lixo ou residuos urbanos. As empresas de reciclaxe tamén están moi presentes nesta feira con todas novidades deste ámbito no mercado, sobre todo, as que teñen que ver coa reciclaxe industrial.

Lugar: Madrid

Organizador: Feria de Madrid

Data de inicio: 29-09-2020

Data de fin: 01-10-2020

eREC - Digital Recycling Expo and Conference for Circular Economy and Waste Management

Contido: A primeira Exposición e Conferencia de Reciclaxe Dixital para a Economía Circular e a Xestión de Residuos, eREC, terá lugar do 31 de agosto ao 5 de setembro e reunirá por vía telemática a expositores e visitantes.

Lugar: On line

Organizador: eREC - Digital Recycling Expo and Conference for Circular Economy and Waste Management

ACTIVIDADES

Data de inicio: 31-08-2020**Data de fin:** 05-09-2020**XORNADAS**

Galicia

Webinar Elaboración de Plans de Acción polo Clima e a Enerxía Sostible - PACES de Pacto das Alcaldías

Contido: Co obxectivo de facilitar coñecementos prácticos sobre a elaboración do PACES, a Xunta de Galicia organiza un webinar dirixido a entidades que ofrecen servizos de elaboración de PACES aos concellos adheridos ao Pacto en Galicia. O webinar complementa o ciclo de formacións en liña organizado durante o último mes pola Oficina Técnica, no que están a participar máis de 70 representantes dos concellos adheridos.

Nesta xornada realizarase unha introdución sobre a iniciativa europea Pacto das Alcaldías e explicaranse as tarefas que está a realizar a Xunta de Galicia. A continuación visualizarase dun xeito práctico o marco de elaboración do PACES e os recursos existentes para a súa elaboración.

Lugar: Online**Organizador:** Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**Inscripción:** Límite o 4 de xuño ás 14h.**Data de inicio:** 05-06-2020**Data de fin:** 05-06-2020**Cara a onde vai o noso urbanismo**

Contido: Espazo de debate e de reflexión, a través da intervención de recoñecidos expertos no ámbito urbanístico, sobre o futuro da planificación urbanística e do papel das cidades.

Catro mesas redondas para abrir un debate entorno a esta cuestión e a afección da crise sanitaria pola pandemia do Covid-19.

Nestas sesións 'on line' tamén se abordarán outras cuestións como fomentar a humanización das cidades e a participación cidadá no urbanismo.

A primeira das catro actividades celebrarase o 27 de maio, baixo o título A necesidade de repensar as nosas cidades tras a pandemia: unha visión global. A segunda será A complexidade da cidade: cidades intelixentes e cidades humanas (3 de xuño), a terceira versará sobre a planificación urbanística como ferramenta para combater o cambio climático: xestión de riscos, mobilidade e saúde (10 de xuño). A derradeira charla on line será o 17 de xuño e centrarse na participación pública no urbanismo: como transitar cara a unha participación real.

Lugar: On line**Organizador:** Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, en colaboración co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia**Data de inicio:** 27-05-2020**Data de fin:** 17-06-2020

ACTIVIDADES

Estatat

O papel da biodiversidade para unha reconstrución en clave verde

Contido: -A biodiversidade como seguro natural de vida.
-O medio ambiente como fonte de riqueza para a reactivación da economía.
-O Pacto Verde como palanca para a recuperación económica de Europa.

Lugar: Online

Organizador: Fundación Biodiversidade

Inscripción: Cubrir formulario

Data de inicio: 04-06-2020

Data de fin: 04-06-2020

OUTRAS ACTIVIDADES

Estatat

Webinar presentación do libro “Os gases renovables. Un vector enerxético emerxente”

Contido: A introdución masiva dos gases renovables en España podería chegar a reducir máis do 10% das emisións de gases de efecto invernadoiro previstas para 2030. Para logralo, son necesarias políticas decididas para o uso e implantación deste novo vector enerxético.

Lugar: Online

Organizador: Fundación Naturgy

Inscripción: Cubrir formulario

Data de inicio: 04-06-2020

Data de fin: 04-06-2020

É tempo de reciclarse

Contido: Dado o excepcional momento no que nos atopamos como consecuencia da crise sanitaria orixinada polo COVID-19, Ecovidrio lanza esta páxina web na que se recollen interesantes propostas educativas e divulgativas para maiores e pequenos.

Con esta iniciativa preténdese que os cidadáns, confinados nas súas casas, poidan incrementar os seus coñecementos medioambientais e, ao mesmo tempo, dispoñan dunha ferramenta de entretemento para toda a familia.

O sitio web nútrese con actividades específicas para os escolares, vídeos, documentais, bailes de cantaxogos, xogos de misterios, pero tamén con información específica sobre o sector dos residuos e, máis especificamente, sobre un material 100% reciclable como é o vidro, que responde perfectamente ao concepto de economía circular.

Organizador: Ecovidrio

ACTIVIDADES

Unión europea

Urban Mobility Days 2020 - Digital Conference

Contido: A conferencia combina dous eventos destacados do calendario de transportes de Europa: a Conferencia do Foro CIVITAS e a Conferencia Europea sobre Plans de Mobilidade Urbana Sostible (Sump).

Urban Mobility Days ofrece a oportunidade ideal para establecer redes dixitais, debater temas clave e intercambiar ideas sobre as tendencias e tecnoloxías emerxentes do transporte e os últimos avances na planificación sustentable da mobilidade urbana.

A conferencia tamén irá máis aló do transporte conectando iniciativas de mobilidade de cero emisións con esforzos máis amplos da UE para facer de Europa un continente neutral en materia de carbono para 2050.

Lugar: Online

Organizador: ELTIS

Inscripción: Consultar ligazón

Data de inicio: 29-09-2020

Data de fin: 01-10-2020

Innovative Water Week

Contido: En 2050 Europa aspira a ser o primeiro continente neutral no clima que implementa o Acordo Verde Europeo: un ambicioso paquete de medidas para transformar profundamente a nosa economía e a nosa sociedade. Mentres tanto, a chamada de atención da crise COVID-19 reforzou profundamente esta necesidade para Europa a unha novo paradigma cara a unha Sociedade Intelixente da auga, desde a xestión de crise ata a xestión e prevención de riscos en Europa e máis aló.

Dado que a auga é un recurso intersectorial e estratéxico, a seguridade da auga debe ser un requisito previo para que o trato verde sexa un éxito. Necesitamos investimento en solucións innovadoras para lograr unha Sociedade Intelixente da auga que considere plenamente o verdadeiro valor da auga.

Lugar: Online

Organizador: Water Europe Technology & Innovation

Inscripción: Rexistro ata o día 26 de xuño de 2020

Data de inicio: 22-06-2020

Data de fin: 26-06-2020

WIFI4EU

Contido: A iniciativa Wifi4 EU ofrece aos municipios a oportunidade de solicitar bonos por valor de 15.000 euros. Os bonos utilizaranse para instalar equipos de wifi nos espazos públicos do municipio que aínda non estean equipados cun punto de acceso wifi.

A Comisión distribuirá 947 cheques para promover o libre acceso dos cidadáns á conectividade wifi en espazos públicos como parques, prazas, edificios oficiais, bibliotecas, centros de saúde e museos de municipios de toda Europa.

Organizador: European Commission

ACTIVIDADES

Inscripción: Ata o 04/06/2020

Data de inicio: 03-06-2020

Data de fin: 04-06-2020

#EUSEW2020 - Semana Europea de la Energía Sostenible 2020

Contido: O maior evento dedicado ás enerxías renovables e o uso eficiente da enerxía en Europa. Está previsto que a Semana da Enerxía Sustentable da UE (EUSEW) leve a cabo en liña do 22 ao 26 de xuño de 2020 baixo o lema: "Máis aló da crise: enerxía limpa para a recuperación e o crecemento ecolóxicos".

Lugar: Online

Organizador: EUSEW

Inscripción: A inscrición abrírase en xuño

Data de inicio: 22-06-2020

Data de fin: 26-06-2020

Internacional

The Second International Conference on Green Energy and Environmental Technology

Contido: O evento ten o obxectivo de crear un foro internacional para académicos, investigadores e científicos de todo o mundo para discutir os resultados e propostas mundiais sobre os temas máis sólidos relacionados coa Química Verde e a Enxeñería Sostible.

Lugar: Roma

Organizador: European Commission

Data de inicio: 28-07-2021

Data de fin: 30-07-2021

V Tarragona International Environmental Law Colloquium (TIEC)

Contido: Este congreso ten como obxectivo crear un foro para investigadores de distintos niveis e procedencias, no que poidan presentar os seus traballos e investigacións. Ademais, se propón como un punto de encontro para estudantes, profesores, investigadores... interesados no Dereito ambiental, abordando cuestións relativas a desafíos e oportunidades para promover o papel do xénero na xustiza ambiental: dereitos humanos de xénero, cambio climático e migración, ecofeminismo, etc.

Lugar: Online

Organizador: CEDAT, URV e AAEDAT.

Data de inicio: 25-06-2020

Data de fin: 26-06-2020

BIBLIOGRAFÍA

MONOGRAFÍAS

Informe sobre Sustentabilidade en España 2019. Por que as cidades son clave na transición ecolóxica. Fundación Alternativas, 2019

Os discursos ao redor da emerxencia climática

Programa ecoinstaladores. Guía para facer unha boa xestión dos residuos de aparellos eléctricos e electrónicos. Ecotic

Boletín especial "La Naturaleza te espera" da Fundación Patrimonio Natural de Castilla y León

Bosques maduros mediterráneos: características e criterios de xestión en áreas protexidas

Boletín LIFE REDBOSQUES nº 7 ABRIL 2020

Catálogo aberto do Patrimonio Cultural Inmaterial da Rede Española de Reservas da Biosfera 2019

Boletín informativo do primeiro semestre do proxecto Interreg Europe, LINDANET

Estudo de apoio para a elaboración dunha guía sobre recollida separada de residuos

Guía técnica para a clasificación dos residuos

Monográfico da Revista Ecosistemas: investigación, ciencia e sociedade

NOVIDADES BIBLIOGRÁFICAS ABRIL 2020. CEIDA. Publicacións da Biblioteca e Centro de Documentación Ambiental do CEIDA, a maior parte dos materiais están dispoñibles en préstamo, e si non pode achegarse ata a sede a recollelos, dispoñen dun servizo de envío postal.

Estudo para elaborar unha guía de apoio á implementación dos requisitos sobre RAP


BIBLIOGRAFÍA

RECURSOS ELECTRÓNICOS

Observatorio Eólico de Galicia (OEGA). Fundación Juana de Vega, a Fundación Isla Couto e a Universidade de Vigo

Seis pasos para un planeta mais limpo e saudable despois da pandemia do coronavirus

Declaración do Programa da ONU para o Medio Ambiente sobre o COVID-19



BOLETÍN DE NFORMACIÓN AMBIENTAL



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

